



**SAN VICENTE**

**DOCUMENTACIÓN TERCEIRO TRIMESTRE**



NUN ABRIR E PECHAR DE OLLOS ESFUMOUSE OUTRO CURSO MÁIS. PARA ALGÚNS DOS NOSOS NENOS E NENAS O PRIMEIRO, PARA OUTROS O ÚLTIMO DA SÚA ETAPA EN INFANTIL.

RESULTOU PARTICULAR PORQUE, DESPOIS DE DOUS ANOS, PUIDERON VOLVER A VERNOS AS CARAS, RECUPERAR A NORMALIDADE E GOZAR DE ACTIVIDADES TAN ESPECIAIS E ENRIQUECEDORAS COMO O PICNIC LITERARIO, AS XUNTANZAS OU AS CONVIVENCIAS ENTRE ESCOLAS.

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE, OCUPARON GRAN PARTE DO TEMPO AS CONMEMORACIÓNS (OS MAIOS, DÍA DA FAMILIA, LETRAS GALEGAS...) E OS DÍAS SINALADOS TÍPICOS DO FINAL DE CURSO (XUNTANZAS DOS NENOS E NENAS DE SEXTO DE INFANTIL, VISITA AO CPI...). O RESTO DO TEMPO FOI DEDICADO Á REALIZACIÓN E REPETICIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADE E TALLERES QUE FACILITARON O AFIANZAMENTO DOS CONTIDOS TRABALLADOS E TAMÉN O PROGRESO EN NOVAS HABILIDADES E CAPACIDADES, CONTRIBUÍNDOLLE, COMO NOS MESES ANTERIORES, AO DESENVOLVEMENTO GLOBAL DO ALUMNADO.

AQUÍ QUEDA REFLECTIDO O TRABALLO DESTE ÚLTIMO E BREVE TRIMESTRE DO CURSO 2021-2022.


## - CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS -

### PICNIC LITERARIO




SEN DÚBIDA UN DOS DÍAS MÁIS ESPECIAIS DO CURSO. ESTABAMOS DESEXANDO PODER REUNIRNOS CO RESTO DE ESCOLAS E FACER ÁS FAMILIAS PARTICÍPES DESTA XORNADA. O ESPAZO E A COMPAÑÍA FORON OS IDEAIS PARA CONMEMORAR O DÍA DO LIBRO.

DESPOIS DE SAUDARNOS E ESCOLLER UNHA ÁRBORE BAIXO A CAL REUNIRNOS, FIXEMOS UNHA PEQUENA ANDAINA ATA A ALDEA LABREGA PARA DESCUBRIR A MISIÓN QUE NOS TIÑA PREPARADA O PROFE ANTONIO.









ALÍ LEVOUSE A CABO A ACTIVIDADE PRINCIPAL DO PICNIC, UNHA BUSCA DO TESOURO NA QUE ALGÚNS DOS CONTO MÁIS COÑECIDOS DO ALUMNADO FORON OS PROTAGONISTAS. PARA PODER ATOPALOS, ANTONIO FOI OFRECENDO CERTAS PISTAS A PARTIR DAS CALES OS NENOS E NENAS TIVERON QUE ADIVIÑAR O SEU CONTO.

A RAPAZADA DE SAN VICENTE IDENTIFICOU RAPIDAMENTE A SÚA HISTORIA : SOPA VERDE!







DEPOIS DE ATOPAR O NOSO TESOIRO, AS MANTAS PARA A REUNIÓN ENCHÉRONSE DE LIBROS, PALABRAS, RISAS E HISTORIAS... QUE COMPARTIMOS TODOS XUNTOS.





TRALA LECTURA, DELICIOSA MERENDA GRAZAS Á ANPA E Á COLABORACIÓN DAS FAMILIAS.










O DÍA PECHOU COA ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO PESDELÁN. CON ELES DANZAMOS, CANTAMOS, XOGAMOS, RIMOS E COMPARTIMOS MOMENTOS FERMOSES TANTO NENOS E NENAS COMO MAIORES. MIL GRAZAS POR PARTICIPAR E ACOMPAÑARNOS.





## DÍA DA FAMILIA

O DÍA QUINCE DE MAIO APROVEITAMOS ESTA CONMEMORACIÓN PARA FACER FINCAPÉ NA DIVERSIDADE E VARIEDADE DE FAMILIAS QUE PODEN EXISTIR E PROPUXEMOS AOS NENOS E NENAS AGASALLAR A CADA UNHA DAS NOSAS COMO MOSTRA DE AFECTO E AGRADECIMENTO. EMPREGAMOS O CONTO "UN PUÑADO DE BOTONES", QUE FALA DOS DIFERENTES TIPOS DE FAMILIAS.





## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ESTE ANO, O DÍA DAS NOSAS LETRAS FOI DEDICADO A FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. PARA A CELEBRACIÓN DESTE DÍA, ORGANIZAMOS UNHA CONVIVENCIA COA ESCOLA DO MARCO CON PASEO POLA RIBEIRA, APROVEITANDO QUE O RÍO É UN ELEMENTO PRESENTE NALGÚN DOS POEMAS DE FLORENCIO, COMO ESTE DO CAL TRABALLAMOS UN PEQUENO EXTRACTO:

NOS DÍAS PREVIOS Á SAÍDA TAMÉN COMENTAMOS NA AULA ALGÚNS DOS DATOS MÁIS RELEVANTES DA BIOGRAFÍA DO AUTOR.

DURANTE A XORNADA LEVAMOS A CABO VARIAS ACTIVIDADES: EXPERIMENTO DE FLOTACIÓN, IDENTIFICACIÓN DE ÁRBORES, ARTE CON RELEVOS DE ELEMENTOS NATURAIS... TAMÉN UNHA CAMIÑADA ATA O MUÍÑO MÁIS PRÓXIMO, ONDE ALIVIAMOS A CALOR POÑENDO OS PÉS A REMOLLO NO RÍO.

DO RÍO FARELOS,  
AÍ VÉN A CALDEIRA  
PARA MATAR A SEDE  
DE TODAS AS TERRAS





## DÍA DO MEDIO AMBIENTE (5 DE XUÑO)

DURANTE ESTE CURSO FORON VARIOS OS MOMENTOS E ACTIVIDADES (TAMÉN DE FORMA TRANSVERSAL NA VIDA DIARIA DA AULA) ENCAMIÑADAS A FOMENTAR A CONCIENCIA ECOLÓXICA, OBXECTIVO DE IMPORTANCIA FUNDAMENTAL DENDE AS ETAPAS INICIAS DO ENSINO, IGUAL QUE NO RESTO DOS CONTEXTOS DA VIDA DO NENO/A. UN DOS ÚLTIMOS DÍAS DEDICADOS ESPECIFICAMENTE A ESTE TEMA FOI O DÍA DO MEDIO AMBIENTE. DENDE VOZ NATURA LANZOUSE A PROPOSTA DE REALIZAR UNHA SAÍDA POLOS ARREDORES DA ESCOLA PARA A RECOLLIDA DE LIXO E POSTERIOR CLASIFICACIÓN NA AULA PARA A SÚA RECICLAXE. ANTES DA SAÍDA COMPARTIMOS AS NOSAS IDEAS E COÑECEMENTOS DESPOIS DE VER UNHA PEQUENA CURTA RELACIONADA CON ESTA PROBLEMÁTICA.



A WHALE'S TALE





## PROXECTO DE CENTRO

SEGUIMOS INVESTIGANDO SOBRE AS ÁRBORES DA NOSA CONTORNA, COÑECENDO ALGUNHAS DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS E TRABALLANDO, AO MESMO TEMPO, O COIDADO DA NATUREZA.

RABUÑOSO  
AGASALLOU  
A CADA NENO/A  
CUN CARBALLO  
PARA COIDAR E  
PLANTAR ONDE  
DECIDAN.



MODELAMOS  
O NOSO  
CARBALLO  
EN PLASTILINA.



ELABORAMOS  
UN HERBARIO  
CON ALGUNHAS  
DAS  
ÁRBORES QUE  
FOMOS  
COÑECENDO.





ADEMAIS, CREAMOS UN ESPAZO DE NATUREZA DENTRO DA AULA, CON DIFERENTES PROPOSTAS E ACTIVIDADES:

CREBACABEZAS DA ÁRBORE,  
FLOR, FOLLA E AVISPA.

TARXETAS PARA A  
IDENTIFICACIÓN DE ÁRBORES.

XOGO DE MEMORIA DE  
ÁRBORES E CICLO DE VIDA  
DA PLANTA



ASÍ COMO OUTRAS PROPOSTAS DOUTRAS ZONAS QUE TAMÉN ABORDAN ASPECTOS DAS ÁRBORES TRABALLADAS:

COMPOSICIÓN DO NOME DAS  
ÁRBORES CON SELOS





# ESPAZOS DE APRENDIZAXE


## ESPAZO DE LINGUAXE

ESTE TRIMESTRE INCORPORAMOS NOVAS PROPOSTAS CENTRADAS NO TRABALLO DA CONCIENCIA FONOLÓXICA E ALGUNHA PARA SEGUIR PROGRESANDO NAS HABILIDADES RELACIONADAS COA PSICOMOTRICIDADE FINA.

CON RESPECTO AOS TALLERES PRIORIZAMOS O TRABALLO DA EXPRESIÓN ORAL E REPETIMOS OU CONTINUAMOS CON ALGÚNS DOS XA REALIZADOS NO SEGUNDO TRIMESTRE CO OBOXECTIVO DE AFIANZAR CONTIDOS.

### PROPOSTAS


**CADA PINZA NA SÚA LETRIÑA;** IDENTIFICACIÓN E CORRESPONDENCIA GRAFÍA A GRAFÍA. CON ESTA ACTIVIDADE, ADEMAIS DE AFIANZAR O RECOÑECEMENTO DAS DIFERENTES LETRAS, TRABALLAN A ATENCIÓN E A DESTREZA MANUAL A TRAVÉS DA PINZA.



**QUEN SON?** ASOCIACIÓN DE NOMES COA IMAXE DO SEUS OLLOS. O OBOXECTIVO PRINCIPAL DESTA ACTIVIDADE É AVANZAR NO RECOÑECEMENTO DO NOME PROPIO E NOS DOS SEUS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS.




**SELOS DE LETRAS:** REPRODUCCIÓN DE NOMES PROPIOS IDENTIFICANDO OS SELOS DAS DIFERENTES LETRAS. TAMÉN DAS ÁRBORES TRABALLADAS NO PROXECTO.



**CONSTRUÍMOS LETRAS:** COMPOSICIÓN DE LETRAS CON POLICUBOS SEGUINDO UN MODELO OU LIBREMENTE.



## TALLERES (Á PARTE DOS REPETIDOS):



SEGMENTACIÓN DE PALABRAS EN SÍLABAS UTILIZANDO O PROPIO CORPO COMO FERRAMENTA: DANDO SALTOS, PASOS, PALMAS... (NON HAI FOTOS)

CREACIÓN DUN CONTO DE FORMA COLECTIVA COA AXUDA DE IMAXES. TRABALLAN A CREATIVIDADE, A IMAXINACIÓN, A EXPRESIÓN ORAL, O RESPECTO POLA QUENDA DE PALABRA E A ESCOITA, CONSTRUCCIÓN DE ORACIÓNS SINXELAS...






# ESPAZO DE LÓXICA MATEMÁTICA

IGUAL QUE NO RESTO DOS ESPAZOS DA AULA, NO DE LÓXICA-MATEMÁTICA PROGRAMÁRONSE ALGUNHAS PROPOSTAS E TALLERES NOVOS, PERO TAMÉN SE REPETIRON OUTROS XA REALIZADOS NOS ANTERIORES TRIMESTRES BUSCANDO O AFIANZAMENTO DE CONTIDOS.

## PROPOSTAS:

**SIMETRÍAS:** ENGADIMOS PROPOSTAS PARA REFORZAR ESTE CONCEPTO INICIADO O TRIMESTRE PASADO CO TALLER DE SIMETRÍA.



SUMAS CON BALANZA




CORRESPONDENCIA  
NÚMERO- CANTIDADE



## TALLERES (Á PARTE DOS REPETIDOS)

LÓXICA: XOGOS  
DE DIFERENZAS

COMPARAN PEZAS FIXÁNDOSE NAS CUALIDADES COMÚNS E BUSCANDO AS QUE TEÑEN DIFERENTES. TRABALLAN PROGRESIVAMENTE DENDE UNHA DIFERENZA ATA TRES. REALIZAN DOMINÓS COMPARANDO CADA PEZA COA ANTERIOR.





INÍCIANSE NA OPERATIVIDADE FACENDO DESCOMPOSIÇÕES. PRIMEIRO DE FORMA VIVENCIAL XOGANDO A FACER "PAQUETES" DE X NENOS/AS. INCIDIMOS NO FEITO DE QUE SEGUEN SENDO O MESMO NÚMERO AÍNDA QUE O PAQUETE SE DIVIDA E DISTRIBÚAN DOUTRO XEITO. LOGO, DE FORMA MANIPULATIVA CON PEZAS DE CONSTRUCCIÓN.

OPERATIVIDADE:  
DESCOMPOSIÇÕES





# ESPAZO DE CREACIÓN E SENSORIAL

CONTINUAMOS ENTENDENDO A EXPRESIÓN ARTÍSTICA COMO UNHA ACCIÓN LÚDICA, UN PROCESO DE SIMBOLIZACIÓN E DE OPORTUNIDADE PARA CREAR E SENTIR. PARA SEGUIR TRABALLANDO AS DESTREZAS MANUAIS, A CREATIVIDADE E O TRABALLO DOS SENTIDOS, PLANIFICAMOS PROPOSTAS E TALLERES COMO OS SEGUINTES.

## PROPOSTAS:

CHUVIA DE ACUARELA



FLORES EN MACETAS CON  
ABALORIOS E LIMPAPIPAS





COMPOSICIÓN DE FLORES  
CON PEZAS SOLTAS



ARTE FLORAL  
CON ELEMENTOS NATURAIS



ACTIVAMOS TODOS OS SENTIDOS CON ESTE TALLER DE CÍTRICOS: ULIRON, FIXERON E PROBARON ZUME, TOCARON E CREARON ESTAMPANDO.

TALLERES:

ESTAMPACIÓN  
CON CÍTRICOS



PROBARON UNHA MANEIRA NOVIDOSA DE USAR GUANTES... E A DEIXAR SAÍR A CREATIVIDADE (E EMBADURNARSE)

PINTURA  
CON GUANTES





PARA CONTINUAR AFIANZANDO O CONCEPTO DE SIMETRÍA, PROGRAMAMOS ESTE TALLER DE ARTE CON CORDEIS E PINTURA.

SIMETRÍAS  
CON CORDEL



# VOZ NATURA

ESTE CURSO CONSEGUIMOS MESAS DE PLANTACIÓN PARA TODAS AS ESCOLAS. NO MES DE ABRIL MONTÁRONAS E PLANTAMOS LEITUGAS PARA PODER VELAS MEDRAR NO POUCO TEMPO QUE NOS QUEDABA DE CURSO.





O MAIO: A DESPEDIDA DEFINITIVA DO INVERNO CHEGOU COA FESTA DOS MAIOS, COMO O CURSO PASADO, SOLICITAMOS A VOSA COLABORACIÓN PARA RECOLLER PAMPULLOS E PODER FACER COLARES, PULSEIRAS E MESMO COROAS. ÉPOCA DE EXALTACIÓN DA NATUREZA CON TODAS AS CORES DA PRIMAVERA E O COMEZO DA CALOR.





# ANIVERSARIOS

ESTE TRIMESTRE TAMÉN HOUBO NENOS QUE CUMPRIRON ANOS. FESTEXÁMOLOS COA CELEBRACIÓN DE VIDA E A MERENDOLA COMPARTIDA.

EN ABRIL CUMPRIU **BREIXO**



EN MAIO CUMPRIRON **MARCO**



E **GABRIEL**



EN XULLO CUMPREN **SOFÍA E LEO**. XA O CELEBRAMOS POR ANTICIPADO PARA PODER COMPARTILO CON ELES.





E ATA AQUÍ CHEGAMOS...


AGORA, RECIBINDO COS BRAZOS ABERTOS O LUMINOSO VERÁN, É TEMPO DE REPOUSAR, INTEGRAR O APRENDIDO E GOZAR AO MÁXIMO DOS MOMENTOS DE LECER.

AGRADECEMOS A TODAS VÓS, FAMILIAS, A VOSA COLABORACIÓN E IMPLICACIÓN NA ESCOLA.

PARA OS COMPAÑEIROS/AS DOUTRAS ESCOLAS QUE COMEZAN UNHA NOVA ETAPA NA SÚA VIDA ESCOLAR DESEXÁMOSLLES TODO O MELLOR. QUE SEXAN BONITOS ESES ANOS QUE VEÑEN.

PARA OS QUE VOLVEN TRALAS VACACIÓNS, ESPERÁMOLOS EN SETEMBRO PARA CONTINUAR ACOMPAÑÁNDOOS NO SEU CAMIÑO.

PARA TODOS E TODAS, QUE ESTE VERÁN VEÑA CARGADO DE INSTANTES DESES QUE NUTREN E FAN TANTO BEN...



**BO VERÁN!**

### **MÚSICA. 3º TRIMESTRE (2021-22)**

A MÚSICA É UNHA FERRAMENTA EXCELENTE PARA FOMENTAR RELACIÓNS, GOZAR XUNTOS, COLABORAR, IDENTIFICAR EMOCIÓNS, DESENVOLVER A MOTRICIDADE GROSA E FINA, MELLORAR A EXPRESIÓN CORPORAL, A EXPRESIÓN ORAL, A MEMORIA, A ATENCIÓN, A CREATIVIDADE...

NESTE TERCEIRO TRIMESTRE SEGUIMOS TRABALLANDO A PARTIR DE CONTOS E CANCIÓNS, CONTINUANDO A LIÑA QUE COMEZAMOS NO SEGUNDO TRIMESTRE, E AMPLIANDO AS ACTIVIDADES BASEADAS NESSES CONTOS (*A PRINCESA DO CAUREL, A MELLOR SOPA DO MUNDO, A BRUXA REGAÑADENTES, O PAPÓN...*). PARA O ALUMNADO DESTAS IDADES É IMPORTANTE REPETIR E AFIANZAR AS HISTORIAS, COUSA QUE LLES GUSTA E MOTIVA MOITO, EN ESPECIAL NA EXPRESIÓN DRAMÁTICA. ASÍ, ACOMPAÑAMOS AS CANCIÓNS E O XOGO DRAMÁTICO CON PERCUSIÓN CORPORAL, INSTRUMENTOS DE PLACAS E PEQUENA PERCUSIÓN.

ESTE CURSO CELEBRAMOS, POR FIN, O NOSO IV PÍCNIC LITERARIO E TIVEMOS COMO CONVIDADAS PARA REMATAR O DÍA A *PESDELÁN, COAS* QUE CANTAMOS E BAILAMOS. POIS BEN, COMO PREPARACIÓN PARA ESTE CONCERTO, NAS SEMANAS PREVIAS NA CLASE DE MÚSICA, ESTIVEMOS PRACTICANDO VARIOS BAILES E CANCIÓNS (ADAPTADAS) DESTE FENOMENAL GRUPO, EN ESPECIAL *INDO EU E O BAILE DA CARRASQUIÑA*.

POR OUTRA BANDA, AO LONGO DO TRIMESTRE, FIXEMOS UNHA PEQUENA INTRODUCIÓN Á MÚSICA DE MOZART (E Á MÚSICA CLÁSICA EN XERAL), A TRAVÉS DE DOUS CONTOS CON MÚSICA E A VARIOS VÍDEOS SELECCIONADOS, QUE ADEMAIS VALERON PARA ESCOITAR, VER E NOMEAR DIFERENTES INSTRUMENTOS DA ORQUESTRA, ASÍ COMO PARA RECOÑECER ALGÚN FRAGMENTO DA ÓPERA *A FRAUTA MÁXICA* (POR EXEMPLO A ARIA DA *RAÍÑA DA NOITE*, QUE LLES CHAMOU MOITO A ATENCIÓN).

CON MOTIVO DALGUNHA OUTRA ACTIVIDADE OU CELEBRACIÓN, CANTAMOS TAMÉN CANCIÓNS QUE TIÑAN QUE VER CON ESES ACONTECEMENTOS. POR EXEMPLO, *A HORTA DE BALBINA* (DE MARÍA FUMAÇA) CANDO PLANTAMOS NAS NOSAS HORTAS, OU *AHÍ VEN O MAIO* (CO NOVO LIBRO INFANTIL EDITADO POR XERAIS SOBRE A POESÍA DE CURROS E A MÚSICA DE LUIS EMILIO BATALLÁN) CANDO CELEBRAMOS O MAIO.



ADEMAIS, EN MOITAS DAS SESIÓNS SEGUE HABENDO LUGAR PARA AS CANCIÓNS MOTORAS, ESAS COAS QUE LEVAMOS TRABALLANDO VARIOS ANOS, UNHA PARA CADA DÍA DA SEMANA, E QUE PERMITEN DESENVOLVER E PREVER DIFICULTADES NA MOTRICIDADE DAS CRIANZAS.



### PSICOMOTRICIDADE 3º TRIMESTRE

Neste terceiro trimestre seguimos traballando dende a nosa área, a través do corpo e do movemento como instrumentos que nos permiten coñecer o noso corpo, o entorno próximo, e a os demais.

Os contidos que se desenvolveron foron: o coñecemento do noso corpo, a través de xogos onde tiñan que localizar as diferentes partes do corpo, as habilidades motrices básicas (desplazamentos, saltos, lanzamentos ou recepcións) a través de xogos cantados onde tiñan que representar animais, ou diferentes formas de desplazarse, xogos de lanzamentos de precisións, e xogos con regras sinxelas que melloraron as relacións sociais (xogos de persecucións, de esconderse, de carreiras...).

A música tamén foi una gran ferramenta para a fase de animación, que axudou a o alumnado a expresar as suas emocións e sentimentos.





## LINGUA ESTRANXEIRA

NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO TERCEIRO TRIMESTRE REPASAMOS OS NÚMEROS DO 1 AO 5/10 E OS ANIMAIS DA GRANXA E SALVAXES A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: "", **"WHAT DO YOU SEE?"**, **"WALKING IN THE JUNGLE"** ENTRE OUTRAS, DIVERSOS VIDEOS DE **"STEVE AND MAGGIE"** COS MATERIAIS DAS AULAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: **"WHAT ANIMAL IS THIS? IT IS A..."**, **"HOW MANY...?"**, **"IT IS A FARM ANIMAL"**, **IT IS A WILD ANIMAL"**.








TAMÉN APRENDIMOS OS MEDIOS DE TRANSPORTE COAS FLASHCARDS, MATERIAIS DA AULA, CANCIÓNS COMA: "THE WHEELS ON THE BUS", "THE TRANSPORTS SONG" E VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE.



NESTE 3º TRIMESTRE EN RELIXIÓN TRABALLAMOS:


- SOMOS AMIGOS.
- PERDÓN, A PALABRA MÁXICA.
- COÑECENDO A MARÍA



A TRAVÉS DE DINÁMICAS DE COHESIÓN DE GRUPO, COÑECEMOS MELLOR AOS NOSOS AMIGOS.

CONTAMOS O CONTO DE "CHUSCO, UN PERRO CALLEJERO", CO CAL TRABALLAMOS O VALORA DA AMIZADE E A COOPERACIÓN ENTRE AMIGOS.

DEBUXÁMONOS CON CHUSCO E OS NOSOS AMIGOS







COÑECEMOS A PARÁBOLA DA "OVELLA PERDIDA" A TRAVÉS DAS MARIONETAS DE VALIVÁN



FIXEMOS UNHAS MÁSCARAS DA OVELLA E DO LOBO



PARTIMOS DO CAPÍTULO "ME

ANIMADOS "YA LLEGA NODDY":

[HTTPS://WWW.YOUTUBE.COM/WATCH?V=O8WMGIDWBXG](https://www.youtube.com/watch?v=O8WMGIDWBXG)

PERDONA, NO ME PERDONA", DA SERIE DE DEBUXOS

E TRABALLAMOS O PERDÓN A TRAVÉS DE DIFERENTES ESTRATEXIAS COMO OS XOGOS E AS DRAMATIZACIÓNS.

COÑECEMOS Á VIRXE MARÍA E COLOREÁMOLA NUNHA MANDALA



# ATENCIÓN EDUCATIVA

## SAN VICENTE



Continuamos co traballo iniciado nos trimestres anteriores, seguimos profundando nos valores que rexen as nosas vidas, valores aos que chegamos desde a lectura, a reflexión de contos que centran as necesidades e curiosidades na etapa de Educación Infantil. Elaboramos traballos en gran grupo e pequeno grupo, realizando brainstorming sobre os valores que presentan nos seus actos os protagonistas das nosas historias.

Discutimos a importancia de dicir a verdade e os efectos nocivos que trae consigo dicir mentiras. Seguimos cun sentimento que se atopa presente na vida do ser humano, o amor. Afastámonos das ideas estereotipadas de Disney e, imos tentar profundar no sentimento, buscamos as razóns para analizar porque queremos ás persoas, que nos achega este sentimento e a súa ausencia que efectos ten sobre as nosas vidas. Somos seres sociais que necesitamos sentirnos parte do grupo, valorados e valorar a outros, por tanto profundamos no sentimento do amor desde unha concepción ampla e

comprensible para o alumnado.

A Axenda 2030 establece a importancia do coidado e respecto do medio ambiente e a necesidade do traballo de sensibilización sobre as persoas a todas as idades, por tanto e desde este contexto, traballamos ,apoiándonos no centro de interese da primavera, esta estación, o espertar dos animais e das plantas, o seu coidado e respecto da natureza.



CONTOS DA RATA LUÍSA

# Unha de amor



Mon Daporta



